

**RESOLUCIÓN REITORAL DE ADXUDICACIÓN DE IMPORTE CONCEDIDO DAS AXUDAS PARA A DIFUSIÓN DOS RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN DO ALUMNADO DE DOUTORAMENTO EN PROTECCIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL, 2020/2021**

A Resolución Reitoral do 3 de maio de 2021 pola que se convocan axudas para a difusión dos resultados de investigación do alumnado de doutoramento en protección do patrimonio cultural, no curso académico 2020/2021 di no punto 4.2 das bases reguladoras que "a contía máxima da axuda será o custo derivado da tradución e/ou publicación do artigo ou edición da revista ata o esgotamento do crédito orzamentario".

A Resolución Reitoral do 1 de setembro de 2021 pola que se publica a listaxe definitiva de axudas concedidas condiciona o importe da axuda concedida á acreditación do custo derivado da tradución e/ou publicación do artigo ou edición da revista, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

Unha vez presentada a documentación que acredita o custo da actividade subvencionada,

Esta REITORÍA RESOLVE

1. conceder a Laura Alonso Martínez a bolsa por un importe de 1.626 €.
2. Unha vez esgotado o orzamento, as persoas que de seguido se indican non teñen dereito á obtención da axuda por existiren solicitudes con maior puntuación:

Andrea Mouriño Schick  
Nerea Ruanova Álvarez

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte da súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ó recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, na data de sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria  
Natalia Caparrini Marín

